

Acordo do 28 de marzo de 2023, do Tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar, por concurso-oposición e promoción interna, en dúas prazas do Corpo de Xestión do Parlamento de Galicia, polo que se determina a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.

Por Resolución da Presidencia do 3 de marzo de 2023 (BOPG núm. 464, do 6 de marzo de 2023), foi nomeado o Tribunal para xulgar as probas selectivas para ingresar en dúas prazas do Corpo de Xestión do Parlamento de Galicia, convocadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de outubro de 2022 (BOPG núm. 401, do 26 de outubro de 2022).

O Tribunal constituíse o 14 de marzo de 2023, e na súa reunión do 28 de marzo de 2023 acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.2., que o primeiro exercicio teña lugar o martes, 2 de maio de 2023, na Sala Carballo Calero, na planta baixa da sede do Parlamento de Galicia, en chamamento único que comezará ás 10:00 horas.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo azul ou negro.

Esta totalmente prohibida a utilización de reloxos intelixentes durante os exercicios. Este tipo de dispositivos, do mesmo xeito que os teléfonos móbiles, deberán permanecer apagados e gardados ou depositarse no chan durante todo o desenvolvemento da proba.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2023.

José Ramón de la Fuente Rodríguez
Secretario do Tribunal